

## **XOVES 21 E VENRES 22 DE MAIO 2020**

Seguimos co noso libro presentándovos as fichas que deberíades facer entre hoxe e mañá. Xa sabedes que podedes xestionarvos como vos veña ben, e que as actividades de ampliación son optativas.

**21 - 05 - 2020**

**FICHA Nº3** (páx3): Comezamos a traballar o coidado do medio ambiente e o fondo mariño.

Mostrámoslles aos nenos/as a ficha e preguntámoslles: Que ves nesta imaxe? Que hai arredor do animal? Como cres que chegaron as bolsas de plástico ao mar? Quen as tirou? Que lle pasa aos animais se enchemos o mar de bolsas?

Toca sacar da ficha as bolsas de plástico picándoas cun punzón (se non dispoñedes dun punzón poderíase usar unha punta, sempre colocando algo brando por debaixo da ficha para non estragar a mesa). Na ficha indicase que posterior se pegue papel celofán por detrás. Como nas casas non acostuma a haber dito papel podedes pegar por detrás un pouco papel de cociña.

**Reverso:** Que outros animais que viven no mar coñeces? Debúxaos, píntaos e escribe debaixo de cada un o seu nome.

### **AMPLIACIÓN :**

Podemos levar a cabo as seguintes fichas

Nombre: ..... Fecha: .....

Repasa los nombres y colorea los animales que viven en el mar.

DELFIN



BALLENA



TORTUGA

MEDUSA

PULPO

CALAMAR



CABALLITO  
DE MAR

PEZ



CANGREJO




ESTRELLA DE MAR

educaplanet  
GRIN




Escreve o nome dos peixes e conta cantos hai. Colorea os animais.




|                                                                                       |       |   |
|---------------------------------------------------------------------------------------|-------|---|
|    | PULPO | 5 |
|    |       |   |
|    |       |   |
|   |       |   |
|  |       |   |


Copia no lugar que lle corresponde as partes dun peixe (Con letras maiúsculas).



Pintar a cola e a cabeça do peixe. Pega churros de plastilina das espiñas.



LOS  POR DENTRO TIENEN ESPINAS:





**AMPLIACIÓN:** Con un plato de papel ou de plástico podemos crear o noso propio peixe tropical. Déixovos a continuación algunha imaxe.



22 - 05 - 2020

**FICHA Nº4:** Diferenciar entre aberto e cerrado.

Antes de comezar coa ficha deberíamos ver o seguinte vídeo. [http://www.esm.net/castor\\_4inf\\_30](http://www.esm.net/castor_4inf_30) (trátase da canción "baixo o mar" da película "A Sirenita") Así poderán ver o que hai baixo o mar. Logo preguntar que viu no vídeo e que vive baixo o mar. Cres que poden vivir fora da auga? Nos poderíamos vivir na auga?

Que hai dentro das ostras?

Podemos ver o vídeo para que nos expliquen como se crean as perlas dentro das ostras.

<https://www.youtube.com/watch?v=faOFI6hWmkY>

Logo pinta as cunchas que están cerradas. Logo debuxa o que hai dentro dunha ostra aberta. Completa a imaxe e debuxa e pinta tantas cunchas abertas ata que haxa un total de 6 ostras na lámina.

**Reverso:** Completa a serie das cunchas.

**AMPLIACIÓN:** Podemos crear o noso mar particular dentro dunha bolsa de conxelados.



Para facelos precisaremos o seguinte material

- Bolsa de plástico con cierre zip (a ser posible sen debuxos)
- Gel de baño ou champú transparente a ser posible (tamén se pode empregar gomina para o pelo)
- Colorante azul (alimenticio ou senón algo de témpera)
- Purpurina (opcional)
- Miniaturas de xoguetes de peixes, estrelas de mar, cunchas...
- Cinta de embalar.

Botamos na bolsa o gel e incluímos o colorante e a purpurina. Añadimos as miniaturas mariñas e cerramos ben a bolsa extraendo todo o aire do interior. A bolsa ten que cerrarse ben e é recomendable re remate con cinta de embalar para evitar que se derrame por algún sitio.



**AMPLIACIÓN:** Manualidade sobre rebuscar no fondo do mar.

Para levar a cabo dita actividades podemos ver os pasos no seguinte vídeo.

<https://www.youtube.com/watch?v=8atMWf5GwOw>

O material que se precisa para facelo son:

- Funda de plástico para folios.
- Rotuladores permanentes para poder pintar sobre o plástico (o adulto pode facer o contorno dos animais e o neno/a pintar)
- Cartulina ou folio escuro.
- Pintar unha linterna nun folio.





## AMPLIACIÓN:

Levar a cabo unha ostra como se mostra nas imaxes.

